



UN RECOÑECEMENTO PARA OS NOSOS CLUBS DE LECTURA

Enviado por [admin](#) [1] o Mér, 11/24/2021 - 10:01

Desde o ano 2013, vén funcionando un club de lectura para lectoras e lectores con autonomía, e no curso 2019-20 comezou outro destinado ás nenas e os nenos que se inician na técnica lectora. Trátase dunha actividade voluntaria, na que calquera valoración xustificada crea dinamismo na exposición das ideas, axuda a reflexionar criticamente sobre os textos, provoca controversias e ideas opostas que é necesario respectar, desenvolve coñecementos metalingüísticos e, sobre todo, crea momentos de unión na nosa lingua entre o alumnado do CEIP López Ferreiro.

Como tal actividade aparece recollida no noso Proxecto lector coma un xeito de potenciación e dinamización lectora, como un medio de implicación das familias para a promoción das lecturas e como proposta da biblioteca escolar para que esta estea presente no deseño de actividades fóra do horario lectivo.

Todo iso contribuíu a que este curso fomos dos primeiros centros de educación infantil e primaria de toda Galicia seleccionados pola Consellería de Educación cunha subvención específica para continuar a potenciar esta actividade. Así que nestes momentos de celebración dos nosos Clubs de Lectura, un recoñecemento moi especial para todo o alumnado que nalgún momento participou, e tamén ás súas familias, que desde o seu inicio fixeron desta actividade un lugar de encontro na biblioteca do CEIP López Ferreiro.

E no presente curso, comezamos a andaina dos dous clubs o día 18 de novembro, recoñecendo a oralidade das e dos nosos antergos, polo que visitamos o Museo do Pobo Galego. Continuaremos o 25 de novembro, cunha xuntanza presencial na biblioteca despois de moito tempo. En vindeiros meses, hai que procurar que as novas linguaxes se incorporen aos nosos clubs de lectura como un axente integrador dos diferentes niveis madurativos: as curtametraxes; o cine; o Scratch; as producións radiofónicas e a literatura transmedia, as rotas pola cidade..., ocuparán un espazo xunto ao formato tradicional en papel, no que as títulos de "lectura fácil" en galego (da editorial Algar principalmente), terán o seu oco especial.



Feito con Drupal (ver. 6.28)



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013